



*O Mindset dixital posibilita a dixitalización da empresa, dotándoa das ferramentas e habilitando as destrezas necesarias para levala a cabo con éxito*

## **Mentalidade dixital = dixitalización da empresa**

- ***O responsable de IoT e Transformación dixital de R pilotou esta mañá o webinar dun novo almorzo dixital R, organizado polo Círculo de Empresarios de Galicia***
- ***En formato virtual, respondendo ás esixencias de seguridade da crise sanitaria, uníronse ao encontro arredor dun cento de profesionais e empresarios que queren avanzar no reto ineludible da dixitalización empresarial***
- ***Durante a charla tratáronse aspectos clave do proceso de dixitalización relacionados coas metodoloxías, novos modelos de organización ou habilitadores imprescindibles para adquirir unha auténtica mentalidade dixital***

**Xoves, 11 de febreiro de 2021.-** O termo “Mindset” ou programación mental fai referencia ao conxunto de pensamentos e crenzas que dan forma á nosa mente, determinando como nos comportamos. Aplicado ao mundo da tecnoloxía e a innovación na contorna empresarial, este concepto lévanos a cuestionarnos na actualidade en que debe cambiar a nosa mente, como debemos “mentalizarnos”, cales son as ideas e as claves que van permitir aos nosos negocios competir, modernizarse, avanzar e optimizarse.

A resposta esixe pór o foco, ineludiblemente, noutro concepto que xa camiña e se desenvolve ao compás do devir das empresas nos nosos días: “Dixitalización”.

Así, se falamos de “Mindset dixital” referímonos, precisamente, a todas esas claves e coñecementos que o empresario e, de xeito transversal toda a organización, deben coñecer para realizar un proceso de transformación dixital completo.

De todo iso falou esta mañá Alberto Díaz Freire, responsable de Alianzas, IoT e Transformación dixital de **R** e do Grupo Euskaltel, nun novo *almorzo dixital R* do Círculo de Empresarios de Galicia titulado “*Mindset Dixital, o necesario para que una empresa teña una verdadeira mentalidade dixital*”. Ao encontro en formato virtual, adaptado ás medidas de seguridade da crise sanitaria, uníronse preto dun cento de profesionais de diferentes sectores en busca de respostas e referentes para seguir avanzando nos respectivos procesos de dixitalización dos seus negocios ou para decidirse a arrincar agora con eles.

Alberto Díaz avanzou as claves para consolidar unha verdadeira **mentalidade dixital** en toda a organización, que lle permita levar a cabo con éxito esa estratexia de dixitalización. Aspectos como a necesidade de incorporar metodoloxías áxiles, identificar competencias, novos modelos de empresa e habilitadores tecnolóxicos, entre outras moitas cousas.

## **Dato e cliente, referentes fundamentais**

Segundo explicou o responsable de Transformación dixital de **R**, o dato é e continuará sendo o activo máis importante na nosa organización porque “*todo deixa hoxe un rastro dixital –asegura Alberto Díaz–, todos somos sensores dalgunha maneira e é preciso que predispoñamos a nosa mente para aproveitar esas vantaxes nas nosas empresas*”.

Díaz subliñou tamén que o paso do tempo non desfocalizou o/a cliente/a como referencia primeira dos modelos de negocio actuais. “*O/a cliente/a segue a ocupar un lugar central, no núcleo do discurso; mais os contextos cambian e debemos responder agora a persoas que buscan rapidez e axilidade para cubrir as súas necesidades dende diferentes dispositivos tecnolóxicos. (...) A clave está, polo tanto, en adaptarnos ao que reclaman os/as clientes/as á hora de usar a tecnoloxía*”.

## **Novos modelos de negocio máis competitivos**

*Mindset dixital*, polo tanto, implica reformularnos de que xeito estamos a desenvolver a estratexia empresarial, cal é o noso modelo de negocio e que debemos cambiar ou potenciar nel para sacarlle o máximo partido co apoio da innovación e das novas tecnoloxías. Dixitalizar a empresa converteuse nunha esixencia que xa ninguén cuestiona para optimizar os resultados do negocio. Todo iso repercutirá directamente na nosa maneira de ofrecer produtos e servizos e sempre cunha clara orientación á mellora da competitividade a todos os niveis.

“*Estamos a vivir o maior cambio tecnolóxico da Historia da Humanidade*”, asegurou Alberto Díaz, para quen “*as revolucións tecnolóxicas sempre se observan como un risco, cun alto grao de incerteza; mais o tempo demostrou tamén que todo iso pode superarse en aras do avance e do desenvolvemento tecnolóxico...*”.

Para Díaz, é moi importante “*aproveitar todas as vantaxes competitivas que a dixitalización nos ofrece; se o facemos, ata os máis pequenos poden ser xigantes, como no mito de David fronte a Goliat*”. O responsable de Transformación dixital do operador galego, nesta liña, animou os participantes no almorzo dixital **R** desta mañá a “*non ter medo e a enfrontarse a esta nova realidade para converter as súas empresas en verdadeiramente competitivas*”

## **SUMARIOS Alberto Díaz Freire**

***“Estamos a vivir o cambio tecnolóxico máis grande da Historia da Humanidade”***

***“Como sempre, o/a cliente/a segue no centro do discurso; mais o tempo pasa e os contextos cambian: o de hoxe é un/unha cliente/a diferente, e a clave está en adaptarse ás necesidades que reclama á hora de usar a tecnoloxía”***

***“David contra Goliat: se aprendemos a lle tirar o máximo partido á nosa contorna dixital, ata os negocios máis pequenos poden competir cos xigantes”***

comunicación R  
[prensa@mundo-r.net](mailto:prensa@mundo-r.net)  
[R.gal](http://R.gal)